FALARMOS ...NÓS

Rede de Grupos de Conversa en Galego





1. Presentación 4

2. Grupos de conversa en galego 5

3. A dinamización 7

3.1 Funcións das persoas dinamizadoras 7

3.2 Aspectos para ter en conta 8

3.2.1 Comunicación oral 8

3.2.2 Comunicación paraverbal 9

3.2.3 Comunicación non verbal 9

3.2.4 Escoita activa 10

3.3 Para dinamizar as conversas 10

3.3.1 Principios xerais 10

3.3.2 Algunhas propostas concretas 11

4. Fases da vida dun grupo 13

4.1 Presentación 13

4.2 Estreitamento das relacións 14

4.3 Disolución (temporal ou permanente) 14

5. Actitudes lingüísticas 16


6. Fóra do grupo 16

7. Recursos 17

7.1 Para estudar 17

7.2 Para comprender a situación 19

7.3 Para mergullarse 20



1. PRESENTACIÓN

Desde a Área de Lingua da Deputación da Coruña pretendemos impulsar a creación dunha Rede Provincial de Grupos de Conversa en Galego, un sistema interconectado de espazos que alenten o uso da lingua entre aquelas persoas que poden falala pero por distintas circunstancias non o fan no seu día a día, e tamén entre aqueloutras acabadas de chegar á nosa terra e que aínda están en proceso de aprendizaxe.

Este proxecto é unha chamada á mobilización social activa e construtiva, nun momento, a ninguén lle escapa, de dificultade extrema para unha das máis sobranceiras creacións colectivas que pariu a noso pobo.

A publicación dos datos que os últimos estudos estatísticos recolleron sobre o coñecemento e o uso do noso idioma supuxo unha especie de pequeno terremoto, mais, na realidade, a ninguén colleu por sorpresa, calquera de nós podía percibir esa realidade no seu día a día.

Porén, non imos perder un minuto en laiarnos desta situación e, aínda sendo conscientes da inmensidade da tarefa que temos por diante, unha tarefa directamente proporcional á dimensión dos séculos de opresión que inflixiron ao noso idioma a ferida pola que agora se desangra, o que queremos é perseverar no esforzo, multiplicalo e, tamén, buscar novos camiños nesta angueira.

Co fin de dar cumprimento aos diferentes mandatos legais que lle afectan, a Área de Lingua da Deputación da Coruña vén desenvolvendo unha serie de iniciativas que abranguen desde a materialización de accións propias, como poden ser o Festival Rosalía ou as recentes campañas *Na lingua con orgullo* ou *A desvergonza do galego*, ata o sostemento e a colaboración coas administracións locais a través de axudas para a creación ou o mantemento de servizos de normalización lingüística ou a organización de xornadas formativas e de intercambio de experiencias entre os distintos axentes locais da provincia.

A colaboración coa sociedade civil non é algo que nos sexa alleo, mais esta rede que agora presentamos pretende ser un paso adiante nese camiño. Con este proxecto estamos facendo un chamamento a unha nova vía de colaboración coas entidades locais pero, aínda máis, unha apelación ao tecido asociativo da nosa provincia, sexa cal sexa o seu ámbito de actuación (veciñal, cultural, ambiental, deportivo, empresarial...) para que dea un paso adiante na súa implicación na defensa e promoción da nosa lingua.

Esta guía que agora presentamos é unha primeira achega por parte da Deputación ao erguemento deste proxecto. Pretende ser unha ferramenta práctica de apoio ás organizacións que decidan sumarse á rede, ofrecendo consellos e formación para que as persoas directamente encargadas do funcionamento dos grupos teñan un apoio para levar a cabo o seu labor.

A esta guía han sumarse tamén accións formativas presenciais que permitan o intercambio de experiencias e unha estrutura permanente de asesoramento, seguimento e fornecemento de novos recursos para a vida cotiá dos grupos. Sabemos que somos moitas as persoas implicadas nesta loita, non só aquelas que teñen responsabilidades directas pola súa función na Administración, senón tantas e tantas que a través do seu exemplo diario manteñen viva a lingua e mais esfórzanse por trasladar a súa defensa do idioma a toda a sociedade. A todas e todos vós nos diriximos, e a todas e todos vós agardamos atoparvos.

2. GRUPO DE CONVERSA EN GALEGO

Que é?
Un grupo de persoas formado por por un mínimo de 4 e un máximo de 12 que se reúnen para falar en galego.

Quen o crea?
Pode crealo calquera organización da Administración pública local (un SNL, unha biblioteca municipal, OMIX....) ou calquera organización da sociedade civil.

De feito, consitúe en si mesmo un obxectivo o intentar transcender os eidos tradicionalmente máis vencellados á defensa da lingua, como poden ser a Administración pública ou o mundo da cultura e a educación, e conseguir que organizacións de carácter deportivo, ambiental, veciñal, empresarial ou de calquera outro tipo se sumen á iniciativa.

Un aspecto para ter en conta é que o feito de que un grupo de conversa estea organizado por determinada asociación, non implica que necesariamente as e os usuarios do grupo deban ser socios desta. Cada organización ten a súa implantación social, o seu ámbito xeográfico de influencia e recoñecemento, e pode chegar a moita xente que non necesariamente sexa socia no momento de se integrar no grupo de conversa.

Quen o integra?
Fórmano por unha banda a persoa ou persoas dinamizadoras e pola outra o resto de persoas participantes que queiran incorporarse á iniciativa.

Este segundo grupo divídese á súa vez en dous tipos:

- Persoas que saben falar galego pero que, por mor da presión social ou por calquera outro motivo, non o usan habitualmente nas súas interaccións sociais.
- Persoas que aínda están en proceso de adquirir unha competencia de expresión oral en galego completa. Este grupo debe ter unha boa capacidade de comprensión e polo menos ser capaz de expresar informacións básicas na nosa lingua.

Os grupos de conversa non son "clases" de lingua, aínda que as persoas galegofalantes poidan axudar as outras non só co seu exemplo senón tamén intervindo coas correccións que se lles demanden.

Para que?
Para dar resposta ás necesidades das persoas usuarias:

- Practicar o galego nun espazo seguro, aquelas persoas que non o falan habitualmente aínda tendo capacidade para facelo.
- Mellorar as destrezas de produción oral, aquelas persoas que aínda están en proceso de aprendizaxe.

En conxunto, para aumentar o uso da lingua galega de todas estas persoas nas súas interaccións sociais, fóra do estrito ámbito do grupo de conversa.

Cando e canto?
A periodicidade e duración dos encontros establécena as persoas dinamizadoras, pero sempre cumprindo cun mínimo dunha sesión semanal dunha hora de duración.

Recoméndase tamén parar nos meses de xullo e agosto, aínda que é algo que deben valorar e decidir as persoas dinamizadoras.

Onde?
A situación ideal é que a entidade promotora dispuxese dun espazo propio coas condicións mínimas indispensables para desenvolver a conversa comodamente (cadeiras, mesas, ausencia de ruído, temperatura adecuada...)

De non ser posible o anterior, pódese botar man doutros espazos que reúnan esas condicións, como dependencias públicas ou establecementos hostaleiros.

Algo máis?
Á parte do mobiliario básico ao que aludiamos antes, se dispomos doutro equipamento, como ordenador, proxector, altofalantes, conexión a Internet... han aumentar as posibilidades para dinamizar as conversas.

Sempre se debe pedir ás persoas participantes que acudan con material de escritura, hanos ser útil para realizar moitas actividades.

3. A DINAMIZACIÓN

3.1 Funcións das persoas dinamizadoras

Como xa dixemos, os grupos de conversa non son clases de Lingua Galega. Por isto, non é necesario que as persoas que vaian desenvolver o rol de dinamizadoras teñan formación filolóxica específica.

O único imprescindible é expresarse en lingua galega con fluidez e corrección.

Cada grupo debe contar cunha ou dúas persoas dinamizadoras, que inevitablemente, polo menos nun principio, van exercer de líderes, no sentido de que sobre elas vai recaer o peso de animar as conversas, pensar propostas, achegar recursos, moderar e mesmo conciliar en posibles conflitos.

Co transcorrer das semanas, ese liderado, que seguramente nunca vai desaparecer, si pode irse esvaecendo. Sería un bo síntoma pois implicaría que os membros non organizadores están a sentirse progresivamente máis cómodos na actividade, achegando ideas para actividades ou temas de conversa.

Denomínase liderado positivo aquel cuxa principal característica é precisamente a de procurar que todos os restantes membros do grupo se sintan integrados e libres para propoñer e desenvolver as súas propias iniciativas.

En calquera caso, a observación atenta dos perfís das compañeiras e compañeiros de grupo é un labor esencial da dinamización. Do mesmo xeito, transmitirmos ilusión e entusiasmo no que estamos a facer ha atraer sempre a empatía dos participantes.

No tocante ás cuestións organizativas, as persoas dinamizadoras deben:

- Elixir o espazo de conversa.
- Establecer as horas, os días e a periodicidade.

- Manter unha lista actualizada das persoas participantes (mesmo unha lista de agarda, se for preciso) e ter conta da asistencia a cada sesión.
- Convocar as sesións

3.2 Algúns aspectos para ter en conta

- *3.2.1 Comunicación oral*
  - Cómpre non perder nunca de vista que un diálogo implica a intervención de todas as persoas. Hai quer ter conta de non monopolizar, aínda que, nun inicio, o lóxico é que a persoa dinamizadora leve o peso. Igualmente, hai que estar atentos a corrixir outras persoas que poidan tender a monopolizar a conversa.
  - Coma en todo, é imprescindible prestarmos atención sempre aos diferentes perfís das persoas participantes: seguramente haberá persoas ás que é preciso cortar, ben porque tendan a monopolizar, ben porque tendan a desviar a conversa cara a cuestións do seu estrito interese, como seguramente ha haber persoas ás que cumpra animar para falar.
  - No caso de participaren persoas de fóra de Galicia, é importante sermos conscientes tamén de que, aínda que poida parecer o contrario, ao mellor non sempre están entendéndoo todo perfectamente, sobre todo se están no medio dunha conversa entre varias persoas galegofalantes.

Neste caso é particularmente importante prestar atención ás reaccións das persoas interlocutoras, usar linguaxe o máis directa e sinxela posible, conter o posible exceso de velocidade nas intervencións…

As variedades xeográficas e o estándar oral

Tanto as persoas dinamizadoras coma as usuarias han empregar obviamente a variedade que desexen. Se decidimos incluír un breve apartado sobre este asunto é porque a escolla dunha ou doutra variedade ten, ou pode ter, unha serie de implicacións das que non sempre somos conscientes e que cremos que se deben ter en conta.

Resumindo moito, podemos dicir que as variedades xeográficas de cada zona son, en xeral, máis apreciadas pola sociedade ca a variedade estándar. Non é de estrañar, se temos en conta a relativa mocidade do noso proceso de normativización e a cuestionable calidade, principalmente fonética, exhibida moitas veces naqueles medios destinados á difusión desa variedade estándar.

Por outra banda, malia esa querenza cara ás variedades xeográficas, en certa medida aínda pode subsistir entre os propio falantes certa inseguridade á hora de usalas en calquera tipo de contexto.

Todo isto non é máis ca unha consecuencia lóxica e normal da historia da lingua galega, consecuencia que, por outra banda, comparte con todas as linguas que viviron circunstancias similares. Máis adiante habemos falar desa historia, porque é básico para explicarmos a situación actual da nosa lingua e a relación da nosa sociedade con ela.

A coexistencia das variedades xeográficas e a variedade estándar debe entenderse como algo natural e exento de conflito, isto é, non hai un galego superior ao outro; o único que pode preocuparnos neste eido son as interferencias do castelán mais, como xa dixemos, os grupos de conversa non son clases de lingua, así que calma e imos indo, devagariño.

- *3.2.2 Comunicación paraverbal*

Definimos así os diferentes aspectos que teñen que ver coa voz e que son relevantes; principalmente debemos atender a que o volume, a velocidade e a pronuncia sexan as axeitadas: todo é moi de sentido común, o volume debe ser o axeitado, nin demasiado baixo, que dificulte a comprensión, nin tan alto que poida resultar agresivo; a velocidade debe estar nun punto en que non aburra pola excesiva lentitude, nin dificulte a retención polo contrario, e a pronuncia deber ser o máis clara posible.

Ademais disto, unha entoación vivaz axuda a transmitir e a manter a atención sobre as intervencións.

- *3.2.3 Comunicación non verbal*

O papel dos ollos é fundamental desde o primeiro momento, xa que nos van axudar a recibir as persoas participantes coa debida amabilidade. Alén disto, constitúen un dos principais recursos para garantir que todo o mundo se sinta incluído e apelado. Pensemos en como nos sentiriamos nós se, estando nunha conversa con varias persoas, unha delas nunca nos mirase cando está a falar. Sentirnos incluídos é básico para que sigamos as conversas con interese e atención.

Hai que ter coidado co denominado ancoramento, que consiste en fixar a nosa ollada e dirixir a nosa atención a unha única persoa mentres falamos, esquecendo as demais.

A postura corporal debe ser relaxada pero ergueita, mesmo unha leve inclinación cara adiante axuda a transmitir ganas e interese polo que se está a realizar. Pola contra, unha postura excesivamente relaxada, ou mesmo desleixada, pode transmitir falta de interese.

As mans. Non imos estar dando un mitin, non fai falta que as fagamos voar, pero si debemos ser conscientes do papel que teñen para transmitir interese e para axudar a que a xente se manteña conectada ás intervencións. En todo caso, o que sempre é recomendable é que estean á vista.

- *3.2.4 Escoita activa*

Denominamos escoita activa a actitude coa cal non só prestamos a debida atención ás persoas que están no uso da palabra senón que llo facemos notar claramante, mediante a nosa postura corporal, mediante a atención coa ollada ou con xestos ou palabras de asentimento.

Prestar a debida atención implica que debemos manter a raia os nosos xuízos, valoracións e opinións previas, que poden crear nesgos que dificulten a comunicación efectiva.

A persoa dinamizadora debe sempre exercer a escoita activa, e, se for necesario, na medida do posible intentar trasladar esa mesma actitude a aqueles membros do grupo que a puidesen descoidar.

Un detalle, miúdo pero importante: reter o antes posible o nome das persoas participantes e dirixirnos a elas por ese nome.

3.3 Para dinamizar as conversas

Pode darse o caso de que non cumpra recorrer a ningún esforzo particular para dinamizar o grupo. Imaxinemos, por exemplo, que todos os membros dunha conversa organizada por un club de baloncesto son afeccionados a ese deporte. A priori, polo menos, téñeno fácil.

Pode darse, mais non sempre vai ser así. Daquela, haberá que darlle un pouco á cabeciña. Non obstante, tampouco vai ser difícil.

- *3.3.1 Principios xerais*

Se usamos recursos externos, obviamente todos eles deben estar en galego. Iso permite ademais ampliar o coñecemento dos membros do grupo sobre a oferta audiovisual, musical, literaria, xornalística ou de calquera outro tipo na nosa lingua.

Nesta mesma guía tedes unha listaxe de recursos a través dos cales os membros do grupo de conversa poden mellorar a súa formación en lingua galega, se o precisan, ou mergullarse nun mar de contidos de todo tipo que sen dúbida os vai axudar.

Este repositorio de recursos hase ir actualizando unha vez estean en marcha o espazo web e as redes sociais do proxecto; as sesións de conversa deben servir tamén para que as persoas usuarias accedan aos recursos.

Ollo coa actualidade: debemos intentar que todas as persoas usuarias se sintan cómodas no grupo; falar de política, por exemplo, pode ser a vía máis rápida para desintegrarnos. Pero, ao mesmo tempo, hai algo que non sexa político? É labor das persoas dinamizadoras crear e manter ese clima de respecto e liberdade.

Debemos estar atentos a posibles enredos da percepción. Atribuír unha determinada sensibilidade a unha persoa polo feito de que desexe aprender galego, ou desexe falar máis en galego na súa vida cotiá, pode levarnos a cometer erros de valoración.

Igualmente sucede co exceso de confianza. Recordemos sempre prestar moita atención ás persoas. Se todo vai como debe, a evolución do grupo hase dirixir cara a un clima de maior cohesión e confianza mutua, que permitirá tamén aumentar o elenco de asuntos que se poden abordar, sempre desde o absoluto respecto ás persoas e intentando pór en práctica a asertividade.

Recordamos dous aspectos básicos: atender os perfís dos integrantes, os seus gustos, as súas afeccións e as motivacións para aprenderen galego ou aumentaren ou seu uso deste e, ao mesmo tempo, solicitar a súa propia proactividade á hora de achegaren ideas e propostas para a dinamización.

- *3.3.2 Algunhas propostas concretas*

Tratándose de persoas que amosan interese polo galego, todo tipo de cuestións que teñan que ver coa nosa cultura e con Galicia: gastronomía, historia, festas,viaxes dentro do país, costumes e tradicións, música, audiovisual...

No caso de termos no grupo persoas de fóra de Galicia, é importante tamén que estas persoas perciban claramente o noso interese polo que teñen para ensinarnos.

Cuestións sobre a propia lingua: no apartado dos recursos inclúese unha listaxe de publicacións , nalgúns casos divulgativas, noutros un pouco máis técnicas, sobre cuestións sociolingüísticas que poden sernos moi útiles.

A este respecto, explicar a historia da lingua, explicar a diglosia, explicar por que por exemplo moitas persoas falan en galego pero con moitos castelanismos, é un labor esencial que nos pode dar xa para bastantes sesións.

A actualidade: galega e mundial, sempre tendo moito coidado á hora de elixir os temas para intentar non chegar a situacións potencialmente xeradoras de conflito, sobre todo nos primeiros momento de vida do grupo, cando aínda estamos todos por coñecernos e por estreitar as relacións. Se para isto usamos recursos externos, como as novas dun xornal ou a reportaxe dunha revista, que estean sempre en galego.

Unha sesión ademais non ten por que estar dedicada a un único tema ou motivo. Podemos variar deixando un momento para escoitar e comentar unha canción, ver un breve audiovisual ou ler algún texto literario.

Ás veces podemos tamén introducir algún pretexto, algún xogo, algo de ritual…

Receitas de cociña: a comida é o recurso estrela, nunca falla. Se un día de súpeto quedades en branco, a conversa non avanza, sentides que esmorece… cambiade de tema e introducide a comida, seguro, nunca falla.

Podemos facelo de diferentes maneiras, desde simplemente pedir que cadaquén fale do seu prato ou pratos preferidos ata escenificar unha especie de "programa de cociña" da TV onde se debe explicar unha receita (mesmo podemos gravalo cunha cámara ou un móbil para darlle máis dimensión lúdica).

O debate: podemos dividir o grupo en dous ou máis equipos, escoller entre todos un tema de debate e asignarlle unha postura a cada equipo; isto é, que as persoas non teñan que defender o que realmente pensan senón o que lles toque.

A campaña de comunicación: pode ser para "vender" un produto, para lanzar unha reivindicación... Imos necesitar, ademais de papel e bolígrafo, polo menos un móbil para gravar. O grupo ten que debater e acordar un guión e logo repartirse os papeis para a gravación.

Saídas: deberiamos indagar se existen recursos (outros colectivos, equipamentos culturais...) na contorna do espazo onde adoitamos quedar que nos permitisen de vez en cando romper a rutina. A maiores, sería unha ocasión para que os participantes practicasen a lingua con elementos alleos ao grupo.

No seguinte apartado propómosvos outro par de actividades concretas, máis vencelladas con temas de conversa de carácter máis persoal e polo tanto tamén máis dependentes das fases polas que pasa a vida dun grupo.

4. AS FASES DA VIDA DUN GRUPO

Debemos estar atentos a dous niveis:

- O cumprimento dos obxectivos propios dos participantes (poder falar nun espazo seguro, mellorar a súa lingua…) e da propia entidade promotora (aumentar o uso que os participantes fan da lingua fóra do propio grupo).
- O estado das relacións internas do grupo e o seu funcionamento harmónico.

4. 1. Presentación.
Como vimos, o xerme dos grupos de conversa que integren este proxecto pode ser de orixe moi diversa; así e todo, aquí imos partir do suposto de que a maior parte dos membros non se coñecen ou coñécense pouco entre si.

Neste caso, o papel da persoa ou persoas dinamizadoras é fundamental neste inicio para transmitir confianza e seguridade a quen se achega sen saber moi ben con que e con quen se vai atopar.

Un par de ideas para as presentacións

A adiviña
Con bolígrafo e papel, cada persoa redacta unha breve descrición de si mesma, contando detalles como os seus gustos e afeccións, tendo conta de non dar datos que poidan identificalas facilmente.

Non sobra insistir en que todo o mundo escriba de xeito perfectamente lexible para os demais.

A persoa dinamizadora recolle os papeis, debidamente pregados, mestúraos e posteriormente os membros volven coller un papel ao chou e len o texto que nel está escrito. O resto debe intentar adiviñar a quen correponde esa descrición.

Unha vez resolto o misterio, a persoa protagonista indica tamén o seu nome e os datos que considere oportunos pero que non indicou antes no texto escrito, ademais da súa motivación para participar no grupo.

Recuncho da rexouba
Cada participante fai unha presentación básica de si mesmo, indicando por exemplo o nome, a idade, a procedencia, o lugar de residencia, as súas afeccións a motivación para participar na actividade. Unha vez feito isto, o resto do

grupo debe indagar un pouco máis facéndolle preguntas á persoa que acaba de presentarse.

4.2. Estreitamento das relacións

A actividade esencial dun grupo de conversa é falar e, falando, do que sexa, estamos dando información sobre nós mesmos a través do noso xeito de expresarnos, das nosas opinións... Todo iso en si mesmo axuda ao estreitamento das relacións.

Así e todo, non sobra que sigamos dedicando, polo menos de vez en cando, un tempo a falar directamente sobre nós. Cada vez que o fagamos debemos variar o xogo, o motivo, a escusa para alentar a curiosidade das compañeiras e compañeiros. Por exemplo, podemos pedir que cada persoa traia un día unha imaxe especialmente significativa para ela, outro día pode ser unha canción, un obxecto, un lugar...

Calquera destes temas pode despois tratarse tanto en modo adiviña como en modo rexouba.

O estreitamento das relacións debe levar o grupo cara a un mellor funcionamento, non obstante, tamén implica a posible aparición de conflitos.

De ser así, debemos pór en practica a asertividade (a actitude oposta ás reaccións pasivas ou agresivas). A asertividade concrétase en tres accións:

- A escoita activa.
- A expresión calmada pero firme da propia postura.
- A proposta de resolución que mire polo ben do grupo.

4.3.Disolución (temporal ou permanente)

Hai dúas accións que habiamos considerar de cara á disolución do grupo (sexa esta temporal ou sexa definitiva): a avaliación e a realización dun evento de despedida.

A avaliación podemos facela pechada, propoñendo as propias persoas dinamizadoras unha serie de aspectos para valorar de xeito numérico, por exemplo, ou aberta, pedíndolles ás persoas participantes que expoñan, a poder ser por escrito, as valoracións que consideren.

Como evento de despedida pódese programar algunha actividade especial, como unha saída de carácter lúdico ou cultural ou unha comida na que cadaquén achegue algún prato para compartir.

5. ACTITUDES LINGÜÍSTICAS

"Queres máis caldo, Suso?" é unha fermosa e breve narración do expresidente da Real Academia Galega Xesús Alonso Montero, incluída no seu xa clásido *Informe(s) sobre a lingua galega*. Nese texto (que se atopa doadamente en Internet), Montero conta unha anécdota propia, sucedida nos anos corenta do pasado século, sendo el aínda un neno aspirante a entrar no ensino secundario.

A súa elegancia literaria, unida á sinxeleza e forza gráfica coa que amosa o que é a diglosia, e os efectos que esta ten sobre as persoas, convérteno nunha lectura moi recomendable.

O termo diglosia fai referencia a unha situación na que dúas linguas conviven nun mesmo territorio pero en condicións desiguais; mentres unha delas, a denominada lingua A, se asocia aos usos cultos e ás clases dominantes, a outra, a denominada lingua B, aparece ligada aos usos informais e ás clases populares.

A situación de diglosia, como podedes comprobar na citada anécdota se ledes o texto, inflúe negativamente nas persoas, provocando vergoña e complexos de inferioridade, e tamén inflúe na propia lingua, provocando, no noso caso, a extensión dos castelanismos e a redución do uso daquelas formas galegas menos semellantes ás castelás, co resultado da perda de riqueza e variedade en todos os niveis.

O fenómeno, de fondas e seculares raíces, esténdese ata os nosos días, como recoñece o Seminario de Sociolingüística da Real Academia Galega nas conclusións do seu *Informe sobre a situación da lingua galega segundo os datos do Instituto Galego de Estatística de 2023:*

"O monolingüismo en castelán avanza velozmente, acadando proporcións nunca vistas na franxa de poboación escolarizada, mentres que son os galegofalantes os que máis practican o bilingüismo. Por tanto, este continúa sendo un bilingüismo en boa medida diglósico e asimétrico, por unilateral (dos galegofalantes máis ca dos castelanfalantes) e por substitutivo (isto é, de transición ao castelán)".

Moitas voces proclamaran, porén, a superación da diglosia tras a instauración do actual réxime político-administrativo e os consecuentes avances no status legal da nosa lingua e dos dereitos das persoas galegofalantes, esquecendo talvez que a fonda pegada de séculos de subordinación non ía desaparecer así coma así da noite para a mañá.

Nos últimos decenios do pasado século estendeuse a idea de que, malia a continua perda de falantes, as actitudes cara ao galego na nosa sociedade eran moi positivas e, polo tanto, o futuro achegábase esperanzador.

Non foi o único, mais tivo que ser a publicación en 2002 do estudo *Falar Galego: "No veo por qué"*, de Ana Iglesias Álvarez, o que viñese poñer negro sobre branco o que non se quería ver: que esas actitudes non nos permitían ser tan optimistas como se pregoaba.

Estudos posteriores, baseados ao igual que o de Iglesias nas técnicas cualitativas dos grupos de discusión, e centrados principalmente no ámbito da mocidade, de entre os que destacamos Do estigma á estima. *Propostas para un novo discurso lingüístico*, de Valentina Formoso, editado en 2013 ou *Lingua, poder e adolescencia*, de Miguel Rodríguez Carnota, 2022, asegundaron a radiografía composta por Iglesias.

O que une estes traballos que acabamos de citar, e moitos outros, é, ademais do sinalamento das dificultades, a actitude propositiva e esperanzada que conteñen, unha actitude que pretendemos recoller no espírito desta proposta que agora empeza a andar.

Non é cuestión de instalarse no lamento polo pasado, mais si cómpre sermos conscientes do que nos trouxo ata aquí, e da relación actual que a nosa sociedade mantén coas dúas principais linguas en contacto na nosa terra.

Os prexuízos seguen a existir, eses prexuízos polos que, por exemplo, moitas persoas que falan galego nos seus fogares no ámbito urbano, mudan ao castelán cando saen pola porta da casa para fóra; eses prexuízos que fan que se crebe a transmisión interxeracional nos propios fogares, coidando, a estas alturas!, que para que á filla ou ao fillo lle vaia ben na vida ten que falar castelán. A listaxe de problemas aos que nos enfrontamos é ampla e desde logo non todos van ter a súa resposta nesta rede de grupos, mais esperamos que si a teña para algúns deles.

6. FÓRA DO GRUPO

Debemos ter sempre presente que o obxectivo do grupo non se esgota no que sucede dentro senón que radica tamén en que as persoas integrantes aumenten o seu nivel de interacción en galego na sociedade, fóra do grupo. E isto non

sempre ha ser doado. Por exemplo, resulta moi complicado que unha persoa cambie do castelán ao galego naqueles ámbitos máis achegados nos que sempre se expresou en castelán.

Con todo, por algo hai que empezar e podemos facer moito:

-Animar: por exemplo suxerindo ideas de espazos ou situacións novas nas que a persoa poida iniciar a súa interacción social en galego.

-Acompañar: como xa dixemos, algunhas sesións poden realizarse parcial ou integramente fóra do espazo habitual e entrando en relación con persoas alleas ao grupo.

-Felicitar: debemos interesarnos por eses avances que se poidan estar producindo fóra do espazo e que polo tanto non coñecemos se non nolos contan. É un xeito tamén de irmos avaliando a actividade durante o seu desenvolvemento e antes da avaliación final.

Quizais, de xeito simbólico, poidamos establecer tamén algún tipo de recoñecemento aos avances dos membros.

7. RECURSOS

Recollemos aquí unha serie de ferramentas dixitais de acceso libre, e tamén publicacións en papel, que poden ser de axuda tanto para facilitar o labor das persoas dinamizadoras como para mellorar as capacidades lingüística dos participantes, ben a través de accións formativas ben a través do seu uso no puro lecer.

Non está todo o que debería estar, pero recoller aquí a inmensa cantidade de recursos ao noso dispor non sería o máis operativo. Unha vez comecen a andar os espazos virtuais do proxecto, seguirase enriquecendo este reservorio, esperamos tamén que coas achegas de todas e todos vós.

7.1 PARA ESTUDAR

Cursos
Plataforma de teleformación do Portal da Lingua.
https://formacion-lingua.xunta.gal/

Curso de lingua galega en wikibooks.
https://gl.wikibooks.org/wiki/Curso_de_lingua_galega

Aula de lingua e cultura galegas – Galicia Aberta 2025.
https://emigracion.xunta.gal/node/51037

Aula de lingua e cultura galegas – Galicia Aberta 2024.
https://emigracion.xunta.gal/repositorio-videos-aula-lingua-cultura-galegas-2024-aula-galiciaaberta

Aula de lingua e cultura galegas – Galicia Aberta 2021.
https://consellodacultura.gal/especiais/proxector/autoria.php?p=27172
https://emigracion.xunta.gal/actualidade/axenda/aula-lingua-e-cultura-galegas-aula-galiciaaberta

Ferramentas Lingüísticas e Diccionarios
Dicionario da Real Academia Galega.
En liña https://academia.gal/dicionario

Android. https://play.google.com/store/apps/details?id=gal.academia.dicionario

iOS. https://apps.apple.com/es/app/dicionario-rag/id619212857

Digalego en liña. https://digalego.xunta.gal/

Digalego android.
https://play.google.com/store/apps/details?id=gal.xunta.digalego

Dicionario de pronuncia. https://ilg.usc.es/pronuncia/

Dicionario de sinónimos. https://ilg.usc.gal/singal/

Dicionario español-galego. https://ilg.usc.gal/cleg/cleg.html

Dicionario de dicionarios https://ilg.usc.gal/ddd/

Rinodicionarios. https://rinodicionarios.com/castelan-galego

Tradutores
Gaio. https://tradutorgaio.xunta.gal/TradutorPublico/traducir/index

CIXUG. https://tradutor.cixug.gal/index.glg.html

OpenTrad. https://opentrad.com/gl/

Google Translate. https://translate.google.com/?hl=es&sl=es&tl=gl&op=translate

Correctores
Galgo.
https://www.lingua.gal/recursos/para-traballar-en-galego/_/aprendelo/contido_0113/corrector-galego-galgo

Vocabulario e outros
Portal das Palabras.
Proxecto da Real Academia Galega que inclúe xogos, pasatempos e retos lingüísticos diarios. https://portaldaspalabras.gal

O ximnasio dos verbos. https://lorientado.github.io/XimnasioDosVerbos/

7.2 PARA COMPRENDER
Recursos e campañas da Deputación da Coruña
#NaLinguaconOrgullo

Guía e vídeos que peneiran algúns dos máis comúns prexuízos que obstaculizan o uso da lingua galega con normalidade na vida cotiá das persoas.
https://www.dacoruna.gal/normalizacion-linguistica/na-lingua-con-orgullo

A desvergonza do galego.
https://www.dacoruna.gal/normalizacion-linguistica/desvergonza-do-galego

Novidades e recursos da área de Lingua da Deputación da Coruña. https://www.dacoruna.gal/normalizacion-linguistica/

Publicacións en papel
Do estigma á estima. Propostas para un novo discurso lingüístico. Valentina Formoso Gosende. Xerais.
Falar galego: "No veo por que". Ana Iglesias Álvarez. Xerais.
Lingua, poder e adolescencia. Miguel Rodríguez Carnota. Xerais
Made in Galiza. Sechu Sende. Editorial Galaxia.
O idioma galego baixo o franquismo. Henrique Monteagudo. Editorial Galaxia.
O libro negro da lingua galega. Carlos Callón. Xerais.
Que pasa co galego? Fernando Ramallo. Xerais

7.3 PARA MERGULLARSE

Contidos culturais e lúdicos

Culturagalega.gal
Información cultural diaria sobre literatura, música, arte, etc
https://culturagalega.gal/

Axenda cultural

Axenda cultural actualizada con eventos en toda Galicia. Permite peneirar por temas, entidades, datas e concellos concretos.
https://www.cultura.gal/es/axenda

Audiovisual

Televisión de Galicia (AGalega)
A plataforma de TVG a través de Internet. Inclúe as emisións en directo e arquivo de contidos diversos, incluídas series, documentais e programas varios á carta. https://agalega.gal

Agalegaaudio.gal
Emisións en directo e arquivos das radios públicas galegas, inclúe SonGalicia-Radio, que emite exclusivamente música en galego, Radio Picariña, que emite contidos para os máis pequenos da casa e podcast con temáticas diversas.
https://www.agalegaaudio.gal/

Netflix en galego
A plataforma ten unha sección específica de películas, series e documentais dobradas ao galego. https://www.netflix.com/es/browse/genre/81619052

Amazon Prime en galego
Aínda que non existe unha ligazón concreta que reúna todos os contidos, si hai a opción en galego, tanto para audio como para subtítulos en moitos dos produtos da plataforma, que dispón de dobraxe en galego mesmo para grandes éxitos e producións como é o caso da serie "O señor dos aneis – Os aneis de poder", dispoñible en galego nas súas dúas tempadas.

Outras plataformas como HBO Max e Filmin tamén teñen contidos en galego, aínda que en menor número. Neste espazo da Galipedia están peneirados algúns títulos concretos nalgunha das plataformas anteriormente mencionadas:
https://gl.wikipedia.org/wiki/Lista_de_t%C3%ADtulos_con_versi%C3%B3n_en_galego_nas_plataformas_de_streaming

Pipocas
A Mesa dispón dun catálogo específico, actualizado coa colaboración dos internautas, onde peneira todo tipo de contidos audiovisuais dobrados ao galego. "Pipocas": https://pipocas.amesa.gal/

Nós Televisión
É unha canle en galego nacida exclusivamente en Internet e da que agora tamén poden atoparse contidos no servizo de vídeos baixo demanda de R e Movistar+. https://nostelevision.gal/

Bibliotecas
Rede de bibliotecas de Galicia – En liña
Catálogo da rede de bibliotecas públicas galegas, plataforma de préstamo electrónico GaliciaLe e axenda de actividades. https://rbgalicia.xunta.gal/gl

Rede de bibliotecas de Galicia – Android
https://play.google.com/store/apps/details?id=gal.xunta.lector

Biblioteca Virtual de Galicia
Catálogo de obras e autores (algunhas das fichas inclúen extractos das obras) https://bibliotecagalega.xunta.gal

Medios de comunicación en galego
A Asociación de Medios en Galego ofrece este directorio completo dos medios adheridos, tanto revistas como diarios xerais e temáticos que informan exclusivamente en lingua galega. https://mediosengalego.gal/medios-en-galego/

Educativos
Alí
Recursos en galego para a educación infantil. https://aliali.gal/

Apego
Programa colectivo integrado por varios concellos creado para fomentar e mellorar a transmisión do galego como lingua inicial. Na web hai axenda de actividades e algúns recursos. http://apego.gal/

Orella pendella
Cancións infantís e recitados. https://orellapendella.gal/

Galego para peques
Canle de youtube con contidos infantís en galego.

https://www.youtube.com/@galegoparapeques/

Xabarin.gal
Plataforma dixital con contidos, series e películas, para nenos e nenas, estruturada por niveis de idade. https://www.xabarin.gal/

Outros
Meteogalicia
Aplicación oficial que ofrece información sobre a predición meteorolóxica detallada por concello para os próximos 10 días, estado do mar, predicións para todas as praias de Galicia, predición xeral e mareas.
https://play.google.com/store/apps/details?id=es.xunta.meteogalicia

Mobt
Buscador avanzado con todos os servizos de transporte públicos en Galicia.
https://play.google.com/store/apps/details?id=gal.xunta.maas

Podcast
Podgalego
Plataforma para atopar facilmente, por temática, podcast en galego.
https://podgalego.agora.gal/







Rede de Grupos de Conversa en Galego

FALARMOS ...NÓS

O GALEGO
A MIÑA LINGUA

Deputación
DA CORUÑA